SOMBREROS
CAMISAS
BONETERIA

J B A

CELTA

SASTRERIA FINA

CONFECCIONES
ARTICULOS EN GENERAL
PARA HOMBRES

FEDERICO LACROZE 4086
T. E. 54 - 2421

Buenos Aires, Febreiro 15 de 1959

Amigo e irmán Abrajan:

Fai dous días que chegou aquí o Sr. Miguel García Ramos con Olga Fernández. Eran visado do Paraguay e ten licencia pra permanecer des días no país arxentino. Como tiña as señas de Picallo e iste recibe a correspondencia no meu comercio aquí veu o dito Sr García Ramos.

A min estrañoume que sendo correos, vindo de París e tratándose d-un republicano e ao parecer bo galego, non trouxese unhas letras de Vde. De todos xeitos tan axiña como chegou, eu -que o recibín persoalmente- puxénme ás suas ordes: Mandei chamar o Picallo; fomos todos á miña casa, xantamos con iles, en-

ensinámoslles as nosas actividades e onte, sábado, pasamos novamente o día xuntos co que chamariamos plana mayor: Alonso Ríos, Prada, Puente, e outros xentes que ademais de xantar e cear ensinámoslles a cidade e ademáis tendemos as liñas pra que poidan re-dicarse aquí no país, cousa que, penso, ha sernos fácil, así como atoparlles ocupación decorosa, cousa que tamén esperamos con-seguir.

O problema máis difícil ha ser o da vivenda que aquí é pavoroso. De momento irán a un hotel dun paisano que ideoloxicamente merece na nosa órbita e alí poden estar o tempo que queiran, e mentres tanto veremos de arranxarlles os demáis asuntos.

Aquí tivemos unha conferencia de Irmandades Galegas da Arxentina e do Uruguay, e unha relación feita por un xornal de adxunto. Houbo gran "jaleo" de prensa e

SOMBREROS
CAMISAS
BONETERIA

CELTA
SASTRERIA FINA

CONFECCIONES
ARTICULOS EN GENERAL
PARA HOMBRES

FEDERICO LACROZE 4086
T. E. 54 - 2421

Buenos Aires,

certo rebumbio nos círculos adictos a embaixada de Franco, que felizmente son cativos desacreditados e non galegos.

A Irmandade dirixirase a Vde. directamente pra comunicalle os acordos, ao menos no referente aos vascos, catalás, e partidos hespañoles.

Tamen se está imprimindo o mensaxe que o secretario do Consello irmán Alonso Ríos dirixiu no ano novo aos galegos do mundo, xa lle remitiremos exemplares a Vde ou ao seu fillo Xavier. Estamos preparando o envío a Galicia utilizando as guías de comerciantes e profesionales das cidades e vilas de Galicia; debidamente camuflados os sobres, de tipo familiar a man os direicións e dende varios países

Uruguay, Brasil etc. Diste detalle ~~do~~ 
do envío ocupome en escrupulosamente; por
razós de segredo, máis de mais que Vde.
ignora, sabe como fago. Si Vde. ou o seu
fillo teñen algunha direicións en Galicia pra
remitir fagan o favor de indicarme e
remitiremos. Igualmente calquera outro
enviso, como mazareiro de frechas dereg...
tamben ~~outra~~ mais eficaz etc.; pois pro-
poñémonos un plan de propaganda
intenso que seguirá con outros envíos e
por todol-os medios.

O Pucallo recibiu unha carta
súa que onte consideran con Alonso Ríos,
e creo lle contestará estes días.

Por hoxe nada mais, Reciba
os saudos de todos que fará extensivos o
seu fillo Xavier e moito aperto da miña
parte.

[signature]

P.D. Seguiu me do Pucallo a sua filla Amparo, que eu conocín aquí, ateopore en Paris. Pregolle que lle presente os meus respetos.